



*O estudo analizou as ocupacións que reciben en Twitter máis reaccións negativas.*

## Políticas e xornalistas, as mulleres máis insultadas en Twitter

*As profesionais da información e as que están en política son as máis deostadas, segundo un estudo realizado no marco da Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo*

Por **DUVI** - 01/03/2021

“Twitter revélase como un **territorio hostil** para as mulleres, con especial incidencia naqueles ámbitos de maior proxección pública, como a política e a comunicación, que cumpren unha función esencial nas sociedades democráticas”. Esta é unha das principais conclusións do proxecto **Mulleres pontevedresas na rede. Análise do sexismo, misoxinia e discurso do odio en Twitter**, que o profesor da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación **Xabier Martínez Rolán** e a investigadora da Universidade da Coruña **Teresa Piñeiro** levaron a cabo no marco da **Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo**.

O estudo, seleccionado na convocatoria de investigación da cátedra que promoven a **Universidade de Vigo** e a **Deputación de Pontevedra**, baseouse na análise das publicacións realizadas ao longo dun ano por 50 mulleres de “recoñecido prestixio na esfera pública”, 22 delas vinculadas á provincia de Pontevedra, así como das interaccións cos seus perfís dos usuarios e usuarias desta rede social. En total, Rolán e Piñeiro analizaron máis de **550.000 chíos**, entre os que detectaron 62.560 que contiñan insultos e comentarios ofensivos, a meirande parte, o 96%, dirixidos a políticas e xornalistas.

“Este estudo nace da crecente preocupación polo discurso do odio e sexismo que atopamos día a día na internet”, sinalan os investigadores no **póster** no que presentan as conclusións dun proxecto que se completou coa creación dunha **páxina web** e unha serie de **podcast** nos que analizan os resultados da investigación. “A diario, as usuarias de internet teñen que facer fronte a diferentes actitudes e situacións violentas só polo feito de ser mulleres”, salientan Rolán e Piñeiro, que seleccionaron para este traballo os perfís de 50 mulleres dos ámbitos da política, a comunicación, a cultura, os deportes, a ciencia e o mundo empresarial. A análise abrangueu as 41.103 publicacións propias realizadas ao longo dun ano por estas 50

profesionais e as **302.790 interaccións** que se produciron cos seus perfís, así como outras 208.797 “mencións indirectas”, chíos que as nomeaban sen citar a súa conta nesta rede social.



Os autores do estudo, Teresa Piñeiro e Xabier Martínez Rolán.

“Os resultados son como para preocuparnos como sociedade supostamente avanzada”, salienta **Martínez Rolán** do detectado nesta “análise do contido da conversa social 2.0”, co propósito de estudar diferentes manifestacións de sexismo, misoxinia e discurso do odio. Nese senso, as conclusións deste estudo alertan do “**sexismo imperante** nos *social media*”, así como da “normalización do discurso do odio” nas redes sociais.

### **Máis insultos directos que indirectos**

O proxecto comprendeu, en primeiro termo, unha “análise de contidos automática, seguindo unha serie de palabras que nos permitiron analizar o alcance do discurso do odio verbal en **Twitter**”. Nela, detectáronse 62.560 publicacións que contiñan insultos, presentes no 15% das interaccións directas cos diferentes perfís e no 10% das mencións indirectas.

Termos como ‘**feminazi**’, ‘falsa’, ‘analfabeta’, ‘cerda’ e ‘asquerosa’ figuraban entre os insultos máis frecuentes, dos que o 13% tiñan unha compoñente sexista e o 96% ían dirixidos ás representantes dos ámbitos da política e da comunicación, nunha “especie de intento de atacar as mulleres que teñen a capacidade de contarnos historias e presentarnos perspectivas diferentes”, salienta **Piñeiro**, que pon tamén o acento na “sensación de impunidade” que se produce entre os usuarios e usuarias das redes sociais. “Na vida real non virtual, non insultas a alguén directamente, pero, sen embargo, isto si se dá en internet”, engade **Rolán**.

### **Alusións en negativo**

O proxecto abrangueu tamén “unha medición de sentimento e análise do discurso” de acordo coas categorías establecidas na pirámide do odio da **Anti-Defamation League**, que agrupa os comportamentos prexuízosos en diferentes categorías.

Esta análise levouse a cabo cunha "submostra" composta por 666 chíos, todos eles mencións directas. Desta serie de mensaxes só o 15% foron cualificadas como "positivas" polos investigadores, mentres que nun 61% dos casos recibiron a **consideración de negativas**. Destas, o 33% ían dirixidas ás propias mulleres ás que aludían, mentres que o 66% centrábanse no colectivo que representan, implicando "un ataque á profesión", como apunta **Rolán**.

O 35% destas mensaxes poderían encadrarse así mesmo dentro do chamado "discurso do odio", a maior parte delas, o 60%, enmarcadas na categoría situada na base da pirámide da **Anti-Defamation League**, aquela que recolle "actitudes prexuizosas, como comentarios insensibles ou bromas ferintes".

O 40% restante situaríase no seguinte chanzo, que se corresponde "cos actos prexuizosos, que serían xa insultos máis directos, alcumes e intentos de ridiculización", sinala **Piñeiro**, que explica que os seguintes niveis da pirámide implicarían tamén "ataques físicos ou cibernéticos que non podemos ver xa neste estudo". Así mesmo, a análise permitiu constatar tamén como o 6% destas mensaxes presentaban **características misóxinas** e un 2% encadraríanse no chamado "sexismo benevolente".

***Aquí podes ler a nova no Duvi***

---

---